

decembro), modificado polo Real decreto 2708/1983, sobre transferencias de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de estradas (BOE nº 255, do 25 de outubro), integrou no seu patrimonio as casetas de legoeiros.

O artigo 10.1º da Lei 3/1985, do 12 de abril, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, sinala que, cando os bens e dereitos non fosen necesarios para o cumprimento dos fins determinantes da súa afectación, cesará a súa natureza demanial e adquirirán a condición de patrimoniais, sen prexuízo, se é o caso, do dereito de reversión nos termos da lexislación de expropiación forzosa respecto daqueles bens adquiridos por este título. Neste sentido a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, que ten adscrito o ben, informou favorablemente a súa desafectación. Segundo o anterior foi tramitado pola Consellería de Economía e Facenda o expediente de desafectación do dominio público do ben de referencia.

Por todo isto, por proposta do conselleiro de Economía e Facenda e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día doce de maio de dous mil cinco,

DISPÓN:

Artigo 1º

Desaféctase do dominio público o ben descrito a continuación:

Edificio de planta baixa con dous almacéns anexos, cun total construído de 314 m², asentado sobre un soar de 372 m² de superficie, situado no punto quilométrico 115,75 da estrada C-533, hoxe rúa Valle Inclán, nº 14, da vila e municipio de Monforte de Lemos (Lugo). Estrema: norte, estrada de situación, rúa Valle Inclán; sur, con terreo de Herminio Quiroga Vázquez (r/ Eduardo Pondal, 13) e co terreo da diocese de Lugo (r/ Eduardo Pondal, 15); leste, con casa de Josefa Gómez Vázquez (r/ Valle Inclán, 16); e oeste, con casa de Alfredo Paradiñeiro Paradiñeiro (r/ Valle Inclán, 12).

Inscrito no Rexistro da Propiedade de Monforte de Lemos no tomo 768, libro 322, folio 29, predio nº 32.829, inscrición 1ª.

Artigo 2º

O inmovible anteriormente descrito adquire natureza patrimonial.

Santiago de Compostela, doce de maio de dous mil cinco.

P.S. (Decreto 105/2005, do 10 de maio)
Alberto Núñez Feijoo
Presidente

José Antonio Orza Fernández
Conselleiro de Economía e Facenda

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Orde do 25 de abril de 2005 pola que se autoriza o cambio de denominación do CEIP de Oural-Sarria (Lugo).

Tendo en conta o artigo 8º punto 1 do anexo do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, (DOG do 21 de outubro de 1996), así como os correspondentes informes, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, esta consellería

DISPÓN:

Autorizar o cambio de denominación do colexio que se relaciona no anexo.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2005.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Provincia: Lugo.

Concello: Sarria.

Localidade: Chorente.

Código do centro: 27011743.

Denominación: Colexio de Educación Infantil e Primaria de Oural.

Nova denominación: Colexio de Educación Infantil e Primaria Antonio Fernández López.

**CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS
MARÍTIMOS**

Orde do 10 de maio de 2005 pola que se convocan axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, a alumnos e profesores de formación profesional de centros docentes desta consellería, que participen en estadias formativas de ámbito transnacional.

A mobilidade transnacional das persoas no ámbito profesional é un medio de lograr un espazo de emprego e traballo na comunidade internacional, xa que lle dá a cada individuo a posibilidade de adquirir coñecementos teóricos, prácticos e de comportamento e, dun xeito máis amplo, competencias e cualificacións adaptadas ao espazo sen fronteiras da Unión Europea e á apertura a outros países.

O intercambio de experiencias e as estadias formativas en centros educativos e empresas doutros países son aspectos esenciais para adquirir a visión dun mercado global en que a vida laboral se desenvolve sobre os principios de mobilidade e libre circulación dos traballadores.

Dado que a colaboración con entidades doutros países resulta fundamental como medio eficaz de facilitar o desenvolvemento de capacidades do alumnado a nivel profesional, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos convoca axudas para a realización de estadias formativas de alumnos e profesores co fin de posibilitar a mellora da súa competencia profesional.

A formación permanente constitúe un dereito e unha obriga de todo o profesorado e unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros. É deber desta consellería prover os recursos necesarios para garantir a inclusión de actividades, como poden ser as estadias en empresas, para asegurarlles a todos os profesores ao longo da súa vida profesional a posibilidade de acceder a períodos formativos fóra do centro escolar.

Así mesmo, o actual proceso de xeralización da formación profesional, estruturada en ciclos formativos, nos cales se establece con carácter obrigatorio e avaliábel un período de formación en centros de traballo, fai necesario que os profesores e alumnos teñan un coñecemento directo dos procesos produtivos e as novas tecnoloxías utilizadas, que en moitos casos non se poden coñecer en empresas do contorno inmediato.

As bases reguladoras destas axudas axustaranse ao disposto no artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, en especial no referente aos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade na concesión das axudas públicas, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, e no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

En consecuencia co anteriormente exposto, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Obxecto da convocatoria.

Convócanse axudas dirixidas aos alumnos e profesores de formación profesional de centros docentes da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, que participen en estadias en centros educativos ou empresas doutros países durante o ano 2005, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva.

As axudas concederanse con cargo á partida orzamentaria 12.04.322S.480.2, cofinanciado nun 65% polo Fondo Social Europeo, por un importe total máximo de 60.100 euros.

Segundo.-Destinatarios.

Poderán solicitar estas axudas os alumnos de ciclos formativos matriculados nos centros de ensino dependentes da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e os profesores de formación profesional específica ou formación de adultos da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. As solicitudes faranse nos propios centros educativos, contarán co informe favorable do director e remitiranse á Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.

Terceiro.-Modalidades de axudas.

1. Visitas preparatorias do profesorado responsable da estadia de alumnos na empresa, entidade ou centro educativo receptor, co obxecto de facilitar os acordos de colaboración e a preparación axeitada do proxecto.

2. Estadias formativas de alumnos en empresas, entidade e/ou centros educativos de formación profesional de países estranxeiros para completar a súa formación práctica e as súas competencias lingüísticas a nivel profesional.

3. Estadias formativas de profesores en empresas, entidade e/ou centros educativos de formación profesional de países estranxeiros, para completar a súa formación práctica.

Cuarto.-Requisitos.

1. As estadias formativas de alumnos deberán estar integradas na programación do curso. O seu obxectivo básico será o perfeccionamento profesional dos alumnos.

2. As axudas determinaranse en función dunha contía máxima semanal por alumno/profesor en concepto de reintegro de gastos de transporte, mantenza e aloxamento, tendo en conta a distancia entre os centros, o orzamento global da estadia formativa e a calidade e interese das actividades que se van realizar.

3. As visitas preparatorias serán realizadas por un só profesor de cada centro educativo e terán unha duración máxima dunha semana, agás casos excepcionais debidamente xustificadas.

4. As estadias formativas de alumnos terán unha duración mínima de dúas semanas e máxima de seis semanas, e deberán contar cun titor que supervise o programa formativo que se vai desenvolver. Este deberá estar relacionado coa especialidade que cursen os alumnos. En ningún caso a realización das prácticas suporá relación laboral ou administrativa. A estadia pode formar parte do módulo de formación en centros de traballo (FCT), sempre que contén coa autorización preceptiva.

5. As estadias formativas de profesores terán unha duración mínima dunha semana e máxima de catro.

Quinto.-Solicitudes.

1. As solicitudes de axudas presentaranse ante o órgano competente para resolver, por calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das admi-

nistracións públicas e do procedemento administrativo común, nun prazo de corenta días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

2. As solicitudes tramitaranse de acordo co modelo establecido no anexo I desta orde e irán acompañadas da documentación que se indica a continuación:

2.1. Axudas para visitas preparatorias:

- Orzamento da viaxe.
- Proposta de proxecto do centro, co informe do director.
- Documento de aceptación do centro receptor.
- Declaración xurada dos interesados de ter ou non ter subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou ente público.

2.2. No caso de estadias de alumnos:

-Proxecto pedagóxico da estadia, indicando os obxectivos da viaxe, empresas onde se realizarán as prácticas, sistemas de seguimento e preparación que seguirán os alumnos participantes, incluíndo as clases de reforzo de lingua estranxeira, se fosen necesarias.

-Certificación do director do centro ou centros escolares en que conste que a actividade está recollida na programación xeral do centro.

-Certificación do director do centro na cal se fará constar a contratación dunha póliza de seguros que cubra o desprazamento e responsabilidade civil dos alumnos no estranxeiro.

- Calendario de actividades.
- Nome do profesor coordinador.
- Listaxes dos alumnos participantes segundo o anexo III.

-Orzamento detallado dos gastos da viaxe ao país que se visita, aloxamento, etc. Deberase indicar o custo global por alumno e o custo global por grupo.

- Documento de aceptación do centro receptor.
- Declaración xurada dos interesados de ter ou non ter subvención ou axuda, para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración ou ente público.

2.3. No caso de estadias de profesores:

-Certificación do secretario do centro e o visto e prace do director, dos servizos prestados, e méritos alegados segundo o baremo do anexo II.

-Proxecto de formación na empresa, indicando os datos da empresa, relación coa familia profesional, obxectivos da estadia e descrición das actividades que se realizarán.

- Calendario.
- Nomes dos participantes.

-Orzamento detallado dos gastos da viaxe ao país que se visita.

-Documento de aceptación do centro receptor.

-Declaración xurada dos interesados de ter ou non ter subvención ou axuda, para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración ou ente público.

Sexto.-Condicións de realización.

1. Os profesores e alumnos realizarán durante a súa estadia na empresa o horario produtivo que esta teña establecido.

2. Durante o período de estadia, obxecto desta orde, os profesores estarán acollidos ao Sistema Nacional de Seguridade Social e terán cuberto o risco de enfermidade cubrindo o formulario E111, que deberá xestionar cada participante. En todo caso, os alumnos e profesores que participen nas estadias deberán estar cubertos por un seguro de accidentes e responsabilidade civil contratado polo centro.

3. Durante o período de estadia formativa, os alumnos e os profesores non terán vínculo ou relación laboral coa empresa ou institución de acollida, nin poderán ocupar un posto de traballo dentro do seu cadro de persoal, polo que quedarán excluídos da lexislación laboral.

Sétimo.-Presentación de solicitudes.

As solicitudes, asinadas polo director do centro, dirixiranse á Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro. Para a súa presentación poderase usar calquera dos procedementos establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Oitavo.-Axuda económica.

Durante a estadia, obxecto destas axudas, os profesores seleccionados recibirán os emolumentos correspondentes ás súas retribucións básicas e complementarias.

Os reintegros de gasto en concepto de transporte, mantenza e aloxamento concederanse tendo en conta a duración, a distancia e o nivel de vida dos países aos que se desprazan os beneficiarios, conforme os seguintes baremos.

Visitas preparatorias

Países	Euros (ata un máximo de:)
Portugal	573
Francia	858
Reino Unido, Italia, Alemaña, Bélxica e países de ámbito similar.	877
Dinamarca, República Checa, Irlanda, Hungría e países de ámbito similar	822
Suecia, Noruega, Finlandia, Grecia, Romanía, Malta e países de ámbito similar	840
Outros países	1.236

Estadías de alumnos (por alumno)

Distancia en km	Países	Nº de semanas				
		2	3	4	5	6
		Euros (ata un máximo de:)				
Menos de 500	Portugal	946	1.319	1.692	2.065	2.438
De 500 a 3.000	Francia	1.316	1.775	2.235	2.639	3.151
De 3.000 a 6.000	Reino Unido, Italia, Alemaña, Bélxica e países de ámbito similar	1.353	1.829	2.305	2.511	2.969
De 3.000 a 6.000	Irlanda, Dinamarca, Hungría	1.244	1.666	2.040	2.512	2.934
De 6.000 a 8.000	Suecia, Finlandia	1.280	1.720	2.163	2.603	3.043
	Grecia, Europa Oriental	1.088	1.432	1.776	2.120	2.464
Máis de 8.000	USA, Canadá, etc.	1.572	2.058	2.544	3.030	3.516

Estadías de profesores (por profesor)

Distancia en km	Países	Nº de semanas			
		1	2	3	4
		Euros (ata un máximo de:)			
Menos de 500	Portugal	573	946	1.319	1.692
De 500 a 3.000	Francia	858	1.316	1.775	2.235
De 3.000 a 6.000	Reino Unido, Italia, Alemaña, Bélxica e países de ámbito similar	877	1.353	1.829	2.305
De 3.000 a 6.000	Irlanda, Dinamarca, Hungría	822	1.244	1.666	2.090
De 6.000 a 8.000	Suecia, Finlandia	840	1.280	1.720	2.163
	Grecia, Europa Oriental	744	1.088	1.432	1.776
Máis de 8.000	USA, Canadá, etc.	1.086	1.572	2.058	2.544

Noveno.-Comisión de selección e criterios de valoración dos proxectos.

As solicitudes serán avaliadas por unha comisión de selección integrada polos seguintes membros:

Presidente: o subdirector xeral de Ensino e Desenvolvemento Pesqueiro ou persoa en que delegue.

Vocais: a xefa de Servizo de Ensino e Titulacións Náutico-Pesqueiras, o xefe de sección de Ensinanzas Náutico-Pesqueiras e o xefe de sección de centros.

Secretario/a: un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.

A comisión seleccionará os proxectos tendo en conta os seguintes criterios:

a) Non ter recibido esta axuda, nin outras similares en anos anteriores.

b) A calidade do proxecto pedagóxico e a súa realización co máximo de aproveitamento, así como a metodoloxía empregada. No caso de estadías de profesores a selección axustarase ao baremo establecido no anexo II desta convocatoria.

A comisión de selección elaborará a proposta de adxudicación de subvencións que elevará á Directora Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro, que resolverá, por delegación expresa do conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos, o que proceda.

Décimo.-Comunicación.

A concesión ou denegación da axuda seralle notificada directamente aos interesados, a través do cen-

tro de ensino, pola Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro. Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso de reposición perante o conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

As solicitudes entenderanse denegadas de non se ditar resolución expresa no prazo de seis meses contados desde o día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

Décimo primeiro.-Prazos dos pagamentos.

Para as axudas que non superen o importe de 6.000 euros, no momento da concesión poderá acordarse un anticipo de pagamento de ata un 80%, logo de aceptación da subvención. O 20% restante librarase unha vez finalizada e xustificada a actividade. Nas axudas que superen esta cantidade o pagamento realizarase integramente unha vez rematada e xustificada a actividade.

Décimo segundo.-Xustificación da actividade.

Logo de efectuada a viaxe, o centro docente deberá tramitar a seguinte documentación, no prazo máximo dun mes:

1. Certificación do director do centro aprobatoria das contas, xuntando unha relación dos gastos efectuados e copia compulsada das facturas.

2. Declaración xurada de ter ou non ter subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou ente público.

3. Certificación do director do centro en que se faga constar a empresa ou centro de acollida e as datas exactas de duración da estadía, o nome e número do DNI dos alumnos e/ou dos profesores participantes, indicando neste caso se é coordinador ou participante na estadía.

4. Xustificación da totalidade do custo da viaxe de acordo cos datos indicados no orzamento inicial. O importe da subvención nunca poderá superar illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable que legalmente se estableza. No caso de que o custo final sexa inferior ao inicialmente previsto deberase minorar a axuda concedida en proporción á axuda xustificada.

5. Memoria do traballo realizado durante a estadia no país de acollida que incluíra os seguintes datos:

5.1. Visitas preparatorias. Obxectivos acadados de cara á realización do proxecto, incluíndo un breve resumo deste: descrición, datas de realización, etc.

5.2. Estadias de alumnos. Programación e avaliación das actividades realizadas na estadia con descricións de procesos produtivos, tecnoloxías utilizadas, posibilidade de realización doutras estadias e aspectos positivos e negativos que hai que considerar.

5.3. Estadias de profesores. Certificación da empresa ou centro de acollida na cal se indiquen as datas e as características da estadia realizada. Memoria do traballo individual desenvolvido, na cal se farán constar, entre outros, os seguintes aspectos:

a) Descrición do proceso produtivo. Perfís profesionais que participan, diferenciados segundo os niveis de cualificación.

b) Realizacións máis significativas de cada perfil profesional.

c) Tecnoloxías utilizadas e a súa presenza no equipamento de cada ciclo formativo (valoración da súa necesidade ou conveniencia de incorporalo).

d) Cambios que se prevén no sistema produtivo (evolución da competencia profesional).

e) Programa de formación en centros de traballo que se podería realizar nesa empresa e nos diferentes ciclos formativos da súa familia profesional.

f) Posible formación do profesorado que podería desenvolver a empresa ou traballadores que poderían colaborar no plan de formación do profesorado de formación profesional específica.

g) Valoración da estadia de formación: aspectos positivos e aspectos que se deben mellorar.

Os proxectos e traballos realizados polos centros seleccionados quedarán en poder da Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro, reservándose o dereito de difundir os traballos realizados en función da súa orixinalidade e pasando a formar parte dos fondos documentais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Décimo terceiro.-Modificación da resolución de concesión das axudas.

A non xustificación da axuda percibida conforme o disposto nesta orde levará consigo o reintegro das cantidades non xustificadas, de acordo co establecido nos artigos 19 e 20 do Decreto 287/2000, do 21 novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

Calquera alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos

ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

Décimo cuarto.-Recoñecemento das actividades realizadas.

Ao abeiro da normativa vixente, pola que se regula a convocatoria, recoñecemento, certificación e rexistro das actividades de formación do profesorado e se establecen as equivalencias das actividades de investigación e das titulacións, a participación en programas internacionais poderá ter os efectos correspondentes a horas de formación, expedindo a Dirección Xeral Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro as certificacións correspondentes, unha vez presentada a memoria, conforme as seguintes equivalencias

1. Estadias formativas de profesores:

a) Estadias formativas ata 15 días de duración: 20 horas de formación.

b) Estadias formativas de 16 a 31 días de duración: 35 horas de formación.

2. Coordinador da organización das estadias dos alumnos: 40 horas de formación por ano.

Décimo quinto.-Os profesores solicitantes poderán retirar a súa documentación da Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro (rúa dos Irmandiños s/n, Salgueiriños, 15701 Santiago de Compostela), directamente ou a través de persoa autorizada, no prazo de trinta días naturais a partir da publicación da resolución de adxudicación das axudas. Transcorrido o prazo, entenderase que renuncian á súa recuperación, perdendo todo dereito sobre ela.

Décimo sexto.-Os directores e directoras dos centros educativos arbitrarán as medidas necesarias para que esta orde sexa coñecida pola comunidade escolar.

Décimo sétimo.-O non cumprimento do disposto nesta convocatoria poderá dar lugar á revogación da correspondente estadia formativa, ou visita preparatoria, sen prexuízo da posible incursión en responsabilidades disciplinarias de acordo co vixente Regulamento do réxime disciplinario dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro para ditar as disposicións necesarias no desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2005.

Rosa M^a Quintana Carballo
Directora xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro

ANEXO II

MÉRITOS	TOTAL PUNTOS MÁXIMO	DOCUMENTOS
1. PROXECTO DE ESTADÍA FORMATIVA	0 A 5	PROXECTO PRESENTADO
2. MÉRITOS DOCENTES 2.1. SERVIZOS DOCENTES 2.1.1. POR CADA ANO DE SERVIZO COMO FUNCIONARIO DE CARREIRA 0,5 PUNTOS POR ANO COMPLETO	POR ESTES TRES SUBEPIGRAFES ATA 10 PUNTOS	CERTIFICACIÓN DO SECRETARIO DO CENTRO CO VISTO E PRACE DO DIRECTOR
3. ACTIVIDADES DE FORMACIÓN PERMANENTE 3.1. COORDINACIÓN E/OU DOCENCIA EN ACTIVIDADES DE PERFECCIONAMENTO RELACIONADAS COA SÚA ESPECIALIDADE: 0,50 PUNTOS POR ACTIVIDADE COMO MÁXIMO 3.2. ASISTENCIA A CURSOS, SEMINARIOS E OUTRAS ACTIVIDADES DA ESPECIALIDADE: 0,25 PUNTOS POR ACTIVIDADE COMO MÁXIMO 3.3. CURSOS DE LINGUA GALEGA: 3.3.1. PERFECCIONAMENTO 3.3.2. INICIACIÓN (NOTA: NON ACUMULABLES ENTRE SI)	4 2 1 0,5	
4. PUBLICACIÓN OU INVESTIGACIÓN SOBRE A MATERIA OU ESPECIALIDADE DE ENSINANZAS LIBROS: ATA 1 PUNTO REVISTA: ATA 0,50 PUNTOS VÍDEO/CASETE, CD, DISQUETE: ATA 0,50 PUNTOS	ATA 3 PUNTOS	EXEMPLARES CORRESPONDENTES AVALADOS POLO DIRECTOR DO CENTRO

ANEXO III

NOME E APELIDOS	DNI	DATA DE NACEMENTO	NACIONALIDADE	PRESENTA MINUSVALIDEZ SI/NON	FAMILIA PROFESIONAL
_____	_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____	_____	_____

_____, ____ de _____ de 200__

O DIRECTOR DO CENTRO

Asdo.: _____

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Orde do 16 de maio de 2005 pola que se establecen e regulan axudas para a conservación e recuperación das poboacións de coello de monte autóctono.

O coello de monte é o principal obxectivo da caza menor en Galicia. Este lagomorfo sufriu nos últimos anos o progresivo descenso da actividade agrícola no medio rural e o paulatino abandono dos cultivos que constituían unha parte importante da dieta destes animais e, a maiores, a azouta da enfermidade hemorráxica vírica e da mixomatose, polo que diminuíron dramaticamente as súas poboacións.

Co obxecto de reforzar estas poboacións deficitarias recorreuse a repoboar os nosos montes con coellos híbridos, procedentes de granxas cinexéticas, que están a poñer en perigo a calidade xenética das poboacións cunícolas autóctonas.

Os poderes públicos deben garantir a compatibilidade dos usos e actividades humanas coa conservación dos recursos naturais por medio do seu uso prudente e racional. Neste sentido, o labor da Administración autonómica, entre outros, é intentar harmonizar as actividades tradicionais e económicas coa conservación e o aproveitamento sostible dos recursos.

Por todo iso, faise necesario poñer en marcha un programa de axudas que incentivando actuacións racionais no medio natural propicien a recuperación do noso coello autóctono.

Esta orde pretende establecer unha liña de axudas económicas para fomentar a contrución de instalacións de produción e cría en semiliberdade do coello de monte, propiciar o restablecemento das súas poboacións, naqueles espazos en que xa non queden efectivos ou se atopen en niveis moi baixos, ao tempo que se reforza a presenza de exemplares autóctonos en substitución dos coellos híbridos utilizados nas repoboacións dos montes nos últimos anos.

O artigo 148.1º.11 da Constitución, así como o artigo 27.15º do Estatuto de autonomía de Galicia confírelle á nosa Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de caza.

O Decreto 106/2004, do 27 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, en relación ao Decreto 8/2003, do 18 de xaneiro, polo que se modifica a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e o Decreto 23/2002, do 20 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, atribúenlle á citada consellería, dentro de súas competencias o fomento, a ordenación e o aproveitamento dos recursos cinexéticos.

Por outra parte, a Lei 4/1997, do 25 de xuño, de caza de Galicia, establece a competencia na planificación, ordenación, fomento, vixilancia e control da caza á consellería, a cal realizará cantas actuacións considere precisas para acadar os fins da lei. Entre elas, e co fin de conservar, preservar e mellorar o hábitat natural das diferentes especies cinexéticas, a Xunta de Galicia poderá acordar as oportunas medidas de axuda para o logro do dito obxectivo e cantas outras de carácter limitativo, correctoras ou restauradoras persigan idéntica finalidade. Desta maneira, xunto coa creación dun ins-

trumento xurídico regulador da caza en Galicia, posibilitouse a creación dun instrumento financeiro orientado ao fomento daquelas actividades orientadas á conservación e mellora do recurso cinexético por medio dun aproveitamento sostible.

A Comunidade Autónoma de Galicia procedeu a través da Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo, á adaptación do actual tratamento das subvencións, recollido na Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia ao contido das disposicións de carácter básico da Lei estatal 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, mantendo plenamente aplicable e vixente o resto da regulación que define o réxime das subvencións.

A Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo, modifica o artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, que regula a concesión de axudas e subvencións que se outorguen con cargo aos orzamentos xerais da comunidade autónoma.

Esta orde de axudas é conforme co establecido no artigo 33 do Regulamento (CE) número 1257/1999, sobre a axuda ao desenvolvemento rural con cargo ao FEOGA e pola que se modifican e derrogan determinados regulamentos, e conforme co Regulamento (CE) número 1260/1999, polo que se establecen disposicións xerais sobre os fondos estruturais.

En virtude do anterior, en consonancia co disposto no artigo 27.15º do Estatuto de autonomía e en uso das atribucións que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:**Artigo 1º.-Obxecto das axudas.**

Esta orde ten por obxecto o establecemento dun réxime de axudas aplicable aos terreos cinexéticos para a conservación e recuperación do coello de monte (*Oryctolagus cuniculus*), mediante a construción das instalacións necesarias para a súa produción e cría en semiliberdade. Para tal fin a Consellería de Medio Ambiente desenvolverá un programa de actividades de divulgación das técnicas precisas para a construción destas instalacións.

Estas axudas tramitaranse en réxime de publicidade, concorrencia competitiva, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación así como o de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados nesta orde e de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, con sometemento en todos os seus extremos ao previsto nos artigos 78 e 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, modificado pola Lei 7/2002, do 27 de decembro, de medidas fiscais e de réxime administrativo, e o previsto no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, modificado pola Lei 14/2004, do 29 de decembro.

Artigo 2º.-Actuacións subvencionables.

Son obxecto das axudas reguladas por esta orde a construción ou a reforma das instalacións necesarias (tobeiras, cerrados e sementeiras) para a produción e cría do coello de monte en semiliberdade.